

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase ó Ministro de Traballo e Asuntos Sociais para que dicte as disposicións de carácter xeral que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento deste Real Decreto-lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto-lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado», se ben poderá aplicarse ás pensións de xubilación o feito causante das cales se produza a partir do día 1 de abril de 1998.

Dado en Madrid o 29 de maio de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**12728** LEI 14/1998, do 1 de xuño, pola que se establece o réxime de control para a protección dos recursos pesqueiros. («BOE» 131, de 2-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

A tódolos que a viren e a entenderen.

Sabede que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia da pesca como subsector económico no conxunto da economía nacional obriga a controlalo exercicio da actividade pesqueira, así como a unha permanente vixilancia e información sobre os recursos do medio mariño, de forma que a súa explotación racional permita a súa conservación e rexeneración co fin de logra-la estabilidade relativa deles.

O artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución atribúelle ó Estado a competencia exclusiva sobre pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se lles atribúan ás comunidades autónomas.

Os estatutos de autonomía atribúenlles ás comunidades autónomas costeiras competencias de «desenvolvemento lexislativo e execución» dentro do «marco da lexislación básica do Estado». Diso derivase que o Estado ten competencia exclusiva para dicta-la normativa básica de ordenación do sector pesqueiro.

Así mesmo, as comunidades autónomas de litoral asumiron nos seus estatutos de autonomía a competencia exclusiva en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura.

De acordo con iso, o Estado dispón de dúas habilitacións competenciais: competencia exclusiva sobre pesca marítima e competencia para establece-las bases da ordenación do sector pesqueiro, ademais da súa competencia xenérica para a ordenación dos distintos sectores económicos, conforme o previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

A Lei 53/1982, do 13 de xullo, sobre infraccións que en materia de pesca marítima cometan os buques estranxeiros en augas de xurisdicción española e os buques españois, calquera que sexa o ámbito en que se cometan, e as súas sancións, resulta hoxe inadecuada desde a perspectiva da orde constitucional de compe-

tencias exposto, e tamén no relativo ó seu contido substantivo, que non responde xa á realidade actual da actividade extractiva e do sector pesqueiro.

Neste sentido, a nova lei recolle os criterios substantivos contidos na xurisprudencia constitucional para diferencia-los ámbitos materiais correspondentes á pesca marítima e á ordenación do sector pesqueiro.

De acordo con iso, a presente Lei de infraccións e sancións en materia de pesca marítima e ordenación do sector pesqueiro establece, dunha parte, o ámbito competencial propio e exclusivo do Estado, isto é, o referido ás infraccións e sancións en materia de pesca marítima, e, doutro, as normas básicas para definir un marco unitario de infraccións e sancións en materia de ordenación do sector pesqueiro, dirixido a asegurar de maneira homoxénea e en condicións de igualdade, os intereses xerais e a establece-las imprescindibles garantías de certeza xurídica que lles permitan ás comunidades autónomas o exercicio das súas competencias.

En todo caso, o réxime sancionador propio da pesca marítima, obxecto desta lei, é de competencia exclusiva do Estado e aplícase nas chamadas augas exteriores. Estas augas exteriores delimitáanse das interiores a través das chamadas liñas de base recta, e correspóndelles ás comunidades autónomas a competencia exclusiva sobre a actividade pesqueira que se realice nas ditas augas interiores. É dicir, a lei deixa a salvo as competencias das comunidades autónomas para regular e aplica-lo réxime sancionador que coiden conveniente sobre a pesca en augas interiores, así como o que corresponda en materia de marisqueo e acuicultura.

Por outro lado, a potestade sancionadora da Administración debe somete-la súa actuación ó principio constitucional de legalidade establecido no artigo 25 da Constitución, consonte o cal é o poder lexislativo o que debe fixa-los límites da actividade sancionadora da Administración.

En conclusión, a presente lei garante as esixencias formais e materiais para a actuación constitucional das administracións públicas, en canto delimita o ámbito da competencia exclusiva estatal sobre a regulación das infraccións e sancións en materia de pesca marítima e determina o marco normativo básico que deben ter en conta as comunidades autónomas para exerceren as súas competencias. A esta segunda finalidade responde que a propia lei declare expresamente os preceptos básicos.

Por iso, na materia de pesca marítima a tipificación das infraccións diferencia entre as relativas ó exercicio da actividade pesqueira, as correspondentes ás especies obxecto da dita actividade e as propias das artes, útiles, instrumentos e equipos de pesca.

Os labores de inspección en materia de pesca marítima débense levar a cabo, tanto no mar durante o exercicio da actividade, coma en terra no momento do desembarque ou en calquera momento antes da primeira venda, pois a inspección no mar sobre a comisión de posibles infraccións, singularmente as relativas ás especies capturadas e ás artes empregadas, presentan máis dificultade polas limitacións propias do medio; velaquí que, por razóns de eficacia, espacia e tempo dispoñible, se lles debe dar prioridade ás inspeccións en terra, no momento de desembarque ou en calquera momento antes da primeira venda, momentos en que se poden apreciar-las infraccións aludidas de xeito máis operativo.

A función inspectora en materia de ordenación do sector pesqueiro poderá, así mesmo, ter lugar desde o momento do desembarque ou descarga dos produtos pesqueiros, estendéndose as competencias das comunidades autónomas ó longo de todo o proceso de almacenaxe, transporte e distribución.

Reforza a necesidade do réxime sancionador establecido na nova lei o feito de que o Regulamento (CEE) 2847/93, do Consello, do 12 de outubro, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, lles impón ós estados membros velaren polo cumprimento da normativa comunitaria nas súas augas, tanto dos seus buques coma dos doutros estados membros, respecto dos cales impón a obriga de adoptar as medidas sancionadoras apropiadas no caso de infracción en desembarques ou transbordos en augas españolas.

A presente lei foi elaborada co dictame favorable do Consello de Estado.

## CAPÍTULO I

### Obxecto e principios xerais

#### Artigo 1. *Obxecto da lei.*

A presente lei ten por obxecto:

a) Establece-lo réxime sancionador en materia de pesca marítima, a aplicación do cal lles corresponde ós órganos competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Establece-la normativa básica do réxime sancionador en materia de ordenación do sector pesqueiro e de ordenación da actividade comercial de produtos da pesca, o desenvolvemento lexislativo e a execución da cal lles corresponde ós órganos competentes das comunidades autónomas.

#### Artigo 2. *Responsables.*

1. Son responsables das infraccións tipificadas nesta lei as persoas físicas ou xurídicas que as cometan, mesmo cando estean integradas en asociacións temporais de empresas, agrupacións ou comunidades de bens sen personalidade.

2. Cando a infracción sexa imputable a varias persoas e non sexa posible determina-lo grao de participación de cada unha, responderán solidariamente:

a) Os propietarios de buques, armadores, fretadores, capitáns e patróns ou persoas que dirixan as actividades pesqueiras, nos supostos de infraccións de pesca marítima.

b) Os transportistas ou calquera persoa que participe no transporte de produtos pesqueiros nos correspondentes supostos de infracción.

c) Os propietarios de empresas comercializadoras ou transformadoras de produtos pesqueiros e persoal responsable delas nos casos de infraccións que afecten estas actividades.

#### Artigo 3. *Concorrenza de responsabilidades.*

1. A responsabilidade polas accións ou omisións tipificadas na presente lei é de natureza administrativa e non exclúe as doutra orde a que houber lugar.

2. As sancións que se lles impoñan a distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

3. Non se poderán sancionalos feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

4. Cando a infracción puiden ser constitutiva de delito ou falta, daráselle traslado do tanto de culpa ó ministerio fiscal, e suspenderase a tramitación do procedemento sancionador entrementes a autoridade xudicial non dictar unha resolución firme ou que poña fin ó procedemento.

5. De non se aprecia-la existencia de delito ou falta, o órgano administrativo competente continuará o expediente sancionador. Os feitos declarados probados na resolución xudicial firme vincularán ó órgano administrativo.

#### Artigo 4. *Prescripción de infraccións e sancións.*

1. As infraccións administrativas previstas na presente lei prescribirán: no prazo de tres anos as moi graves, no de dous anos as graves e no de seis meses as leves.

2. As sancións impostas por cometer infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, mentres que as impostas por graves ou leves ó farán ós dous anos e ó ano, respectivamente.

3. Para o cómputo dos prazos de prescripción de infraccións e sancións haberá que se ater ó disposto no artigo 132.2 e 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescripción comezará a contar desde o momento de finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de os feitos ou actividades constitutivos de infracción foren descoñecidos por careceren de signos externos, o dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

#### Artigo 5. *Medidas provisionais.*

1. As autoridades competentes en materia de pesca marítima, e os axentes e autoridades que actúen por delegación ou en virtude de calquera outra forma xurídica prevista en dereito, poderán adoptar, desde o momento en que teñan coñecemento de que se cometeu unha presunta infracción, as medidas provisionais precisas, incluído o aprisionamento do buque nos supostos de infraccións graves ou moi graves, para asegura-la eficacia da resolución que puiden recaer, o bo fin do procedemento, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e garanti-los intereses xerais.

2. A adopción destas medidas realizarase de forma motivada; cando resulte preciso, por razóns de urxencia ou de necesidade, as autoridades competentes adoptarán tales medidas de forma verbal, sen prexuízo de reflecti-lo acordo e a súa motivación por escrito coa maior brevidade posible e, en todo caso, nun prazo non superior a noventa e seis horas, dando traslado del ós interesados.

3. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no prazo dun mes, acordándose, se é o caso, a iniciación do expediente sancionador.

## CAPÍTULO II

### Infraccións administrativas en materia de pesca marítima

#### Artigo 6. *Infraccións leves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións leves:

a) Calquera alteración dos datos e circunstancias que figuren na licenza, cando non requira autorización administrativa previa, sen efectua-la comunicación prevista legalmente.

b) A realización de faenas de pesca e selección de peixe con luces que dificulten a visibilidade das regulamentarias.

c) A anotación incorrecta no diario de pesca e na declaración de desembarque que non supoñan unha alteración dos datos relativos ás capturas ou ó esforzo de pesca.

d) As accións ou omisións que supoñan incumprimento das obrigas establecidas na lexislación pesqueira comunitaria ou previstas en convenios, acordos ou tratados internacionais en materia de pesca e que non constituían infracción grave ou moi grave.

### Artigo 7. *Infraccións graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións graves:

#### 1. No relativo ó exercicio da actividade:

a) O exercicio ou realización de actividades de pesca sen dispor da correspondente autorización.

b) A obtención de autorizacións de pesca en número superior ás permitidas legalmente por causas imputables ó interesado.

c) O incumprimento das condicións establecidas nas autorizacións de pesca.

d) A alteración dos datos e circunstancias que figuren na correspondente autorización de pesca.

e) O incumprimento das normas vixentes sobre modalidades de pesca.

f) O exercicio da pesca en fondos prohibidos, en caladoiros ou en períodos non autorizados ou en zonas ou épocas de veda.

g) O incumprimento das normas relativas ó tempo máximo de calamento das artes ou aparellos.

h) A utilización de boias ou balizas que non cumbran a normativa vixente.

i) O incumprimento da obriga de respecta-las distancias mínimas para buques e artes establecidas na normativa vixente, co fin de entorpece-las actividades pesqueiras.

j) Non levar instalado a bordo o dispositivo de control vía satélite ou de calquera outra natureza, establecido na normativa vixente, por causas imputables ó interesado.

k) Manipular, alterar ou dana-los dispositivos de control ou interferi-las súas comunicacións.

l) Non ter a bordo o diario de pesca, non cubrilo ou facelo infrinxindo o disposto na normativa vixente.

m) A eliminación ou alteración de probas que puideren dar lugar ó coñecemento da comisión dunha infracción.

n) A inobservancia da obriga de levar a bordo do buque as autorizacións de pesca, os planos de bodega, así como calquera outro documento esixido pola normativa vixente.

ñ) O incumprimento da obriga de comunica-los desprazamentos, os transbordos, o aviso previo de chegada ó porto, as capturas que se leven a bordo e a información sobre esforzo pesqueiro, segundo o esixido na normativa vixente.

o) Non lles comunicar ás autoridades españolas competentes, no suposto de desembarque de capturas fóra do territorio da Unión Europea, as especies, cantidades e data do dito desembarque, así como a zona en que se realizaron as capturas.

p) A falta de colaboración ou a obstrución dos labores de inspección, sen chegar a impedi-lo seu exercicio.

q) O incumprimento por parte dos buques pesqueiros non comunitarios da obriga de efectua-los desembarques en presenza dos funcionarios encargados do control, cando así o esixa a normativa vixente.

r) A utilización das instalacións de desembarque por buques non comunitarios sen efectua-las notificacións previstas na normativa vixente.

s) O desembarque ou descarga dos produtos da pesca fóra dos portos ou lugares fixados para o efecto.

t) O incumprimento da obriga de lles entregar ás autoridades competentes as follas do diario de pesca e da declaración de desembarque á chegada a porto, nos prazos establecidos na normativa vixente.

u) O incumprimento da obriga de levar visible na forma prevista pola lexislación vixente o folio e a matrícula da embarcación, impedi-la súa visualización ou manipula-la dita matrícula cando dificulte o exercicio da actividade inspectora.

#### 2. No relativo ás especies:

a) Realizar calquera actividade, incluídas as subacuáticas, que prexudique a xestión e conservación dos recursos mariños vivos.

b) A repoboación mariña sen a correspondente autorización ou cando se incumplan as condicións establecidas nela.

c) A tenza, antes da súa primeira venda, de especies pesqueiras capturadas sen contar coas autorizacións necesarias ou en condicións distintas das establecidas nelas.

d) A tenza, antes da súa primeira venda, de especies non autorizadas ou das que se esgotasen os totais admisibles de capturas (TAC) ou cotas.

e) A tenza, antes da súa primeira venda, de especies de tamaño inferior ó regulamentario ou, se é o caso, cando se superen as marxes permitidas para determinadas especies na normativa vixente.

f) O incumprimento da normativa sobre topes máximos de capturas permitidos, asignados ás empresas ou asociacións pesqueiras.

g) A identificación incorrecta nas caixas ou embalaxes das especies contidas.

#### 3. No tocante ás artes, aparellos, útiles, instrumentos e equipos de pesca:

a) Incumpri-las medidas técnicas relativas ó seu modo de emprego.

b) Utilizar ou ter a bordo os non autorizados ou os antirreglamentarios.

c) Incumpri-la normativa sobre o transporte e arrombamento de artes e aparellos.

d) Utilizar dispositivos que reduzan a selectividade das artes ou aparellos.

e) O cambio de modalidade de pesca sen a autorización preceptiva.

### Artigo 8. *Infraccións moi graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións moi graves:

a) O exercicio ou realización de actividades profesionais de pesca marítima sen estar incluído no Censo de Flota Pesqueira Operativa.

b) As actividades que prexudiquen ou destrúan zonas declaradas de protección pesqueira.

c) A realización de actividades co obxecto de impedi-lo dereito ó exercicio da actividade pesqueira.

d) A obtención das autorizacións de pesca con base en documentos ou información falsos.

e) O exercicio da actividade pesqueira sen autorización en augas do mar territorial ou en zona económica exclusiva española por parte de buques pesqueiros non comunitarios, así como a tenza a bordo ou o desembarque produtos pesqueiros en portos españois, sen xustificar debidamente a orixe das súas capturas.



f) A violación das obrigas establecidas en virtude dos convenios, acordos ou tratados internacionais en materia de pesca, cando o seu incumprimento poida poñer en perigo ou atente contra a normal execución deles.

g) A utilización para a pesca de explosivos, armas, substancias tóxicas, velenosas, soporíferas ou corrosivas.

h) A resistencia, desobediencia ou obstrucción grave ás autoridades de vixilancia ou inspección ou ós seus axentes, impedindo o exercicio da súa actividade.

### CAPÍTULO III

#### Infraccións en materia de ordenación do sector pesqueiro

##### Artigo 9. *Infraccións leves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións leves:

a) O atraso no cumprimento das preceptivas obrigas de información ás administracións públicas.

b) Cargar produtos da pesca fóra dos lugares ou portos fixados para o efecto.

##### Artigo 10. *Infraccións graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións graves:

a) A comercialización de especies pesqueiras sen contar coas autorizacións necesarias ou en condicións distintas das establecidas nas devanditas autorizacións.

b) A realización de operacións de construción ou modernización de buques pesqueiros á marxe ou con incumprimento das preceptivas autorizacións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.

c) A tenza, a consignación, a almacenaxe, a transformación, a exposición e a venda en calquera das formas previstas legalmente de produtos pesqueiros de tamaño inferior ó regulamentario.

d) O transporte de produtos pesqueiros sen a correspondente documentación esixida na lexislación vixente.

e) Incumprir a normativa vixente relativa á potencia dos motores ou outros parámetros establecidos para os buques respecto de cada caladoiro ou modalidade de pesca.

f) O cambio de base do buque pesqueiro sen obter previamente a correspondente autorización administrativa.

g) A falta de colaboración ou a obstrucción dos labores de inspección, sen chegar a impedi-lo seu exercicio.

h) A entrada ou saída do porto fóra do horario establecido para o exercicio da actividade pesqueira, agás que as ditas manobras teñan lugar como consecuencia de estado de necesidade ou forza maior.

i) O incumprimento dos descansos de pesca establecidos.

j) A realización de actividades de venda de produtos pesqueiros en lugar ou en forma non autorizados legalmente ou con incumprimento dos requisitos esixidos.

k) O exercicio de actividades profesionais pesqueiras sen estar en posesión da titulación que acredita a capacitación e formación profesional náutico-pesqueira.

l) O desembarque ou descarga de especies e produtos pesqueiros en condicións distintas das establecidas legalmente.

##### Artigo 11. *Infraccións moi graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións moi graves:

a) A obtención de subvencións, préstamos e, en xeral, calquera tipo de axuda, a tramitación e resolución dos cales lles corresponde ós órganos competentes das comunidades autónomas, con base en datos falsos, así como destinalas a fins distintos dos previstos.

b) A obtención das autorizacións precisas con base en documentos ou informacións falsas.

c) A resistencia ou desobediencia grave ás autoridades de inspección, impedindo o exercicio dela.

### CAPÍTULO IV

#### Sancións

##### Artigo 12. *Clases.*

1. As sancións que se poden aplicar por cometer as infraccións das previstas na presente lei son as seguintes:

a) Apercibimento.

b) Multa.

c) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades durante un período non superior a cinco anos.

d) A incautación das artes, aparellos ou útiles de pesca.

e) O comiso dos produtos ou bens.

f) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións durante un período non superior a cinco anos.

g) Imposibilidade de obter durante un prazo non superior a cinco anos, préstamos, subvencións ou axudas públicas.

h) A incautación do buque.

2. Estas sancións serán acumulables, de conformidade co establecido na presente lei.

3. Con independencia das que poidan corresponder en concepto de sanción, o órgano sancionador poderá acordar a imposición de multas coercitivas consonte o disposto no artigo 99 da Lei 30/1992, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha das ditas multas non superará o 20 por 100 da multa fixada pola infracción correspondente.

4. Cando se utilizase o buque pesqueiro para efectuar tráfico de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou para calquera outra actividade constitutiva de delito e se determinar por resolución xudicial firme a responsabilidade do armador, este quedará inhabilitado para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras durante un período de dez anos.

##### Artigo 13. *Graduación das sancións principais.*

1. As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou con multa de 10.000 a 50.000 pesetas.

2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 50.001 a 10.000.000 de pesetas.

3. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 10.000.000 a 50.000.000 de pesetas.

##### Artigo 14. *Sancións accesorias en materia de pesca marítima.*

1. As infraccións graves, ademais da multa correspondente, poderán ser sancionadas cunha ou varias das

siguientes sancións accesorias en función das circunstancias concorrentes:

- a) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 7.1.a), b), c), d), e), f), g), i), k), l), m), n), ñ), o), p), s) e t); 7.2.a), c), d), e), f) e g), e 7.3.a), b), c), d) e e).
- b) Incautación de artes, aparellos ou útiles de pesca: as infraccións previstas no artigo 7.2.a); 7.3.b), c) e d).
- c) Comiso dos produtos ou bens obtidos ilegalmente: as infraccións previstas no artigo 7.1.a), c), f), g), h), m), q), r) e s); 7.2.a), c), d), e), f), e g), e 7.3.a), b), c) e d).
- d) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 7.1.a), b), c), e), g), j), k), e l), e 7.2.b), c), e d) e 7.3.a).

2. As infraccións moi graves, ademais da multa correspondente, poderán ser sancionadas cunha ou varias das seguintes sancións accesorias en función das circunstancias concorrentes:

- a) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 8.a), b), c), d), f), g) e h).
- b) Incautación de artes, aparellos ou útiles de pesca: as infraccións previstas no artigo 8.a) e b).
- c) Comiso dos produtos ou bens obtidos ilegalmente: as infraccións previstas no artigo 8.a), b), e) e g).
- d) Suspensión, retirada ou non renovación de autorizacións para o exercicio da pesca durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 8.b), c), d), f), g) e h).
- e) Imposibilidade de obter préstamos, subvencións ou axudas públicas durante un prazo máximo de cinco anos: as infraccións previstas no artigo 8.a), b), c), d), f), g) e h).
- f) Incautación do buque: a infracción prevista no artigo 8.a).

Artigo 15. *Sancións accesorias en materia de ordenación do sector pesqueiro.*

1. As infraccións graves, ademais da multa correspondente, poderán ser sancionadas cunha ou varias das seguintes sancións accesorias en función das circunstancias concorrentes:

- a) Comiso dos produtos ou bens obtidos ilegalmente: as infraccións previstas no artigo 10.a), c), d), h), i) e j).
- b) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 10.a), b), c) e e).
- c) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas no artigo 10.a), b), f), g) e h).

2. As infraccións moi graves, ademais da multa correspondente, poderán ser sancionadas cunha ou varias das seguintes sancións accesorias, en función das circunstancias concorrentes:

- a) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas nos artigos 11.b) e c).
- b) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades durante un período non superior a cinco anos: as infraccións previstas nos artigos 11.b) e c).
- c) Imposibilidade de obter axudas, préstamos ou subvencións públicas durante un prazo máximo de cinco anos: as infraccións previstas no artigo 11.a).

Artigo 16. *Suspensión condicional.*

1. Dictada a resolución que pon fin á vía administrativa, o infractor poderá solicitar no prazo dun mes a suspensión condicional da execución da sanción imposta, mediante escrito debidamente motivado, dirixido ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, manifestando o compromiso de se suxeitar ás condicións que para o seu outorgamento se establezan, co fin de garantir un comportamento de respecto da normativa reguladora do exercicio da actividade pesqueira, durante o prazo de suspensión.

O prazo de suspensión será de seis a nove meses para as faltas leves e de nove a dezaseis meses para as faltas graves, atendendo en ámbolos casos ás circunstancias da infracción cometida.

2. Serán requisitos para solicitar a suspensión condicional:

- a) Que non fose sancionado nos últimos tres anos.
- b) Que a contía da sanción imposta non exceda de 5.000.000 de pesetas.

3. Unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá resolver a concesión ou denegación da suspensión condicional da execución da sanción.

A resolución denegatoria da suspensión condicional debidamente motivada seralle notificada ó interesado, e procederase a continua-la tramitación da execución da sanción imposta. Así mesmo, a resolución favorable debidamente motivada seralles notificada ós interesados, e expresará as condicións en que se levará a cabo, así como que aquela suspende os prazos de prescripción da sanción establecida na presente lei.

4. Para efectos da resolución de suspensión condicional da execución, poderanse solicitar informes das entidades asociativas do sector afectado e doutros organismos públicos interesados. Poderán, así mesmo, solicitarse todos aqueles informes que se coiden convenientes para resolver sobre a suspensión.

5. As condicións de obrigado respecto polo infractor, durante o período de suspensión, incluírán en todo caso:

- a) Non cometer ningunha infracción pesqueira.
- b) Cumprir debidamente as medidas cautelares impostas e mantidas, se é o caso.

6. Se o interesado, durante o prazo de suspensión fixado, incumprise as obrigas ou condicións impostas ou fose sancionado por outras infraccións pesqueiras, o órgano competente, logo de audiencia do interesado, revogará a suspensión condicional da execución da infracción e continuarase a tramitación da execución da sanción imposta.

7. Unha vez cumprido o tempo establecido de suspensión, se o infractor, á vista dos informes que poden ser requiridos para o efecto, cumpriu as condicións establecidas e non fose sancionado por outras infraccións pesqueiras, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación acordará a remisión da sanción imposta sempre que a resolución administrativa sancionadora sexa firme e non recaese sentenza xudicial.

Artigo 17. *Función inspectora.*

1. A función inspectora sobre as accións ou omisións que puideren constituír infraccións en materia de pesca marítima poderá realizarse, en todo caso, mentres o buque estea no mar ou no peirao.

2. A función inspectora en materia de pesca marítima poderá realizarse tamén, respecto das capturas, con ocasión do seu desembarque ou descarga antes da súa

primeira venda ou antes da iniciación do transporte cando se trate de produtos non suxeitos a venda na lonxa do porto de desembarque.

No caso de se produciren operacións comerciais de importación de capturas das que a primeira comercialización non se realice nas lonxas dos portos, a inspección poderase realizar con ocasión do seu desembarque ou descarga, sen prexuízo das competencias de inspección das comunidades autónomas.

3. A función inspectora das comunidades autónomas en materia de ordenación do sector pesqueiro poderá iniciarse desde o momento mesmo do desembarque ou descarga das capturas nos termos que a súa lexislación estableza.

4. A función inspectora das comunidades autónomas en materia de ordenación da comercialización dos produtos da pesca iniciárase despois da primeira comercialización nas lonxas dos portos ou desde a primeira comercialización cando os produtos non se vendan por primeira vez nas ditas lonxas.

#### Artigo 18. *Competencia sancionadora en materia de pesca marítima.*

A competencia para a imposición das sancións correspondentes ás infraccións en materia de pesca marítima corresponderá:

- Os delegados do Goberno no suposto de infraccións leves.
- O director xeral de Recursos Pesqueiros, no suposto de infraccións graves.
- O secretario xeral de Pesca Marítima, no suposto de infraccións moi graves, se a súa contía non excede de 25.000.000 de pesetas.
- O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando a infracción sexa cualificada como moi grave se a contía da multa excede de 25.000.000 de pesetas.

#### Artigo 19. *Competencia sancionadora en materia de ordenación do sector pesqueiro.*

Correspóndelles ós órganos competentes das comunidades autónomas a tramitación e resolución dos expedientes correspondentes ás infraccións en materia de ordenación do sector pesqueiro.

#### Disposición adicional primeira. *Reglas de aplicación.*

1. Constitúen lexislación de pesca marítima e díctanse ó abeiro do artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución os artigos seguintes: 1.a), 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 12, 13, 14, 16, 17.1 e 2, e 18; disposición transitoria única; disposicións adicionais terceira, cuarta e quinta, e disposicións derradeiras primeira e segunda.

2. Constitúen lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro e díctanse ó abeiro do artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución os artigos 1.b), 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 17.3, e 19; disposición transitoria única, punto 1; disposicións adicionais segunda e quinta e disposicións derradeiras primeira e segunda. O seu desenvolvemento e aplicación lexislativos correspóndelles ás comunidades autónomas competentes nesa materia.

3. Constitúen lexislación básica de ordenación da actividade comercial dos produtos pesqueiros e díctanse ó abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución os artigos 1.b); 2; 3; 4; 5; 10.a), c), d) e j); 12.1.a) e b); 12.3; 13, e 17.4; disposicións adicionais segunda e quinta; disposición transitoria única, punto 1, e disposicións derradeiras primeira e segunda. Correspóndelles ás comunidades autónomas con competencias de execución en materia de comercio interior a aplicación do previsto neste punto.

#### Disposición adicional segunda. *A tenza de especies de tamaño inferior ó regulamentario.*

A tenza de especies de tamaño inferior ó regulamentado por algunha persoa en mercado, tenda, almacén, contedor ou outro lugar ou cousa de análogas características, ou por vendedor ambulante en calquera sitio considerarase posesión con fins de comercialización ou venda, agás proba en contrario.

#### Disposición adicional terceira. *Bens apreñados, incautados e comisados.*

1. Os buques apreñados serán liberados sen dilación, logo de se constituír unha fianza ou outra garantía financeira legalmente prevista na contía que fixe o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante o correspondente acto administrativo, que non poderá exceder do importe da sanción que puider corresponder pola infracción ou infraccións cometidas.

O prazo para a prestación da fianza será dun mes desde a súa fixación e poderá ser prorrogado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por causas xustificadas por idéntico tempo.

De se non prestar fianza no prazo establecido, o buque quedará á disposición do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que poderá decidir sobre o seu emprazamento e destino de acordo coa lexislación vixente.

2. As artes, aparellos ou útiles de pesca antirreglamentarios incautados serán destruídos. Os regulamentarios incautados seranlle devoltos ó interesado se a resolución aprecia a inexistencia de infracción.

3. As capturas pesqueiras comisadas de tamaño antirreglamentario, apto para o consumo, poderanse distribuír entre entidades benéficas e outras institucións públicas e privadas sen ánimo de lucro ou, en caso contrario, procederáse á súa destrución.

4. Os gastos derivados da adopción das medidas cautelares ou das sancións accesorias correrán por conta do imputado.

#### Disposición adicional cuarta. *Extinción da responsabilidade.*

1. A responsabilidade administrativa derivada das infraccións reguladas por esta lei extingúese polo pagamento ou cumprimento da sanción, por prescrición ou condonación e, no caso de persoas físicas, pola morte.

2. As sancións relativas a infraccións en materia de pesca marítima poderán ser condonadas de forma graciable polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, o cal exercerá tal facultade directamente. Será necesaria a solicitude previa dos suxeitos infractores ou responsables e que renuncien expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación correspondente ó acto administrativo. En ningún caso será efectiva a condonación entremetres non se publique no Boletín Oficial del Estado.

#### Disposición adicional quinta. *Aplicación da lexislación xeral.*

Serán de aplicación ás infraccións e sancións reguladas nesta lei as regras e principios sancionadores contidos na Lei 30/1992.

#### Disposición transitoria única. *Aplicación da lexislación máis favorable.*

1. Malia o establecido na disposición derogatoria única, as infraccións cometidas con anterioridade á



entrada en vigor da presente lei serán obxecto da sanción que resulte máis benévola para o infractor.

2. O previsto na disposición adicional cuarta desta lei poderá ser de aplicación ás multas impostas en aplicación da Lei 53/1982, do 13 de xullo, sobre sancións que en materia de pesca marítima cometan os buques estranxeiros nas augas de xurisdicción española e os buques españois, calquera que sexa o ámbito en que se cometan, e as súas sancións, que non fosen ingresadas no Tesouro Público no momento de entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas:

A Lei 53/1982, do 13 de xullo, sobre infraccións que en materia de pesca marítima cometan os buques estranxeiros nas augas baixo xurisdicción española e os buques españois, calquera que sexa o ámbito en que se cometesen, e as súas sancións.

Os preceptos da Lei 168/1961, do 23 de decembro, sobre sancións por faltas cometidas contra leis, regulamentos e regras xerais de policía de navegación das industrias marítimas e dos portos non comprendidas na Lei penal e disciplinaria da Mariña Mercante, que non foron derogadas pola disposición derogatoria única, punto 2.1), da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante.

Cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Actualización de sancións.*

Facúltase ó Goberno para actualizar, por Real Decreto, o importe das sancións previstas nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase ó Goberno para dictar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Esta lei inclúese tendo en conta a corrección de erratas publicada no «Boletín Oficial del Estado», número 134, de data 5 de xuño de 1998.)

**13174** REAL DECRETO-LEI 6/1998, do 5 de xuño, polo que se transforma a «Empresa Nacional de Transportes de Viajeros por Carretera» (Enatcar) nunha sociedade anónima. («BOE» 135, de 6-6-1998.)

O Real Decreto 1420/1988, do 4 de novembro, procedeu á creación da «Empresa Nacional de Transportes de Viajeros por Carretera» (Enatcar) e á aprobación do seu estatuto de organización e funcionamento, en execución do mandato dado ó Goberno pola disposición adicional primeira da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres. A devandita empresa configurouse, de acordo coa dita disposición

adicional, como unha sociedade estatal das previstas no daquela apartado b) do artigo 6.1 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, con personalidade xurídica propia e independente da do Estado e plena capacidade para o desenvolvemento dos seus fins, e quedou adscrita organicamente ó actual Ministerio de Fomento, ó que se lle atribúe o control técnico e de eficacia da xestión da empresa.

A empresa nacional Enatcar ten por obxecto social a explotación de toda clase de servizos de transporte público de viaxeiros por estrada e das actividades conexas ou complementarias deles, tanto daqueles servizos de transporte de viaxeiros dos que eran titulares a «Red Nacional de los Ferrocarriles Españoles» (Renfe) e os «Ferrocarriles Españoles de Vía Estrecha» (Feve), nos que a empresa quedou subrogada, como daqueles outros dos que podería chegar a ser titular de acordo co réxime xeral establecido pola citada Lei de ordenación dos transportes terrestres; así como a prestación dos servizos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral dos que lle sexa encomendada a súa xestión directamente pola Administración, logo de que o Goberno aprecie a concorrencia das circunstancias especiais previstas no artigo 71 da devandita lei.

Trala entrada en vigor da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, a «Empresa Nacional de Transportes de Viajeros por Carretera» (Enatcar) debería axeitarse ó tipo de entidade pública empresarial regulada pola citada lei, en aplicación da súa disposición transitoria terceira. Non obstante o anterior, e tendo en conta que a prestación dos servizos de transporte de viaxeiros por estrada que constitúe o obxecto de Enatcar supón a execución dunha actividade económica propia e xenuína do obxecto social dunha entidade mercantil, coidouse necesario transformar Enatcar nunha sociedade anónima de capital público na súa totalidade, tal e como vén recoñecido na disposición adicional décimo segunda da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, en lugar de proceder a un simple axetamento daquela á figura da entidade pública empresarial.

Agora ben, aínda que a creación ou transformación de sociedades mercantís estatais non esixen norma con rango de lei, si resulta necesaria unha norma legal para proceder á transformación da «Empresa Nacional de Transportes de Viajeros por Carretera» (Enatcar) nunha sociedade anónima, en canto que se ben a súa constitución foi realizada por un real decreto, isto non foi senón simple execución do mandato dado pola disposición adicional primeira da Lei de ordenación dos transportes terrestres, que configurou a devandita empresa como unha sociedade estatal do antigo artigo 6.1.b) da Lei xeral orzamentaria.

Sen embargo, a necesidade dunha urxente reordenación do sector público estatal e a conveniencia de lle ofrecer ó mercado a execución de actividades económicas que non se coida necesario que permanezan no sector público e, entre elas, a prestación das que, como as propias de Enatcar, quedan garantidas pola simple existencia dun mercado aberto e competitivo, esixe non agarda-la tramitación e aprobación dun proxecto de lei, desde o momento que o obxecto que se persegue non é a soa transformación da empresa nunha sociedade mercantil, senón moi especialmente a racionalización urxente do sector público estatal en materia de transportes terrestres. Ademais, a tramitación como proxecto de lei, necesariamente dilatada ó longo dun período de tempo relativamente longo, podería provocar durante ese período situacións de aparente indefinición, inseguridade ou expectativa, que de ningún xeito son